A continuación pide o uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido di que se trata dunha depuración de erros materiais que se produciron no último recoñecemento extraxudicial de abril deste ano, que se trata dunha corrección das cifras.

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º A aprobación da rectificación do erro material do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2011 de modo que onde di:

Nº Factura	Nº Rexistro	Terceiro e concepto de factura	Aolicación orz.	Base	Ive	Total
317	2388	SOUTO CALVETE, JOSE PABLO 000372337C SLNE (MONTAJES ELECTRICOS PATON) INSTALACIÓN ELECTRICA PRAZA CONCELLO FERIA MEDIEVA	2009.0.334.0.22799	2.941,49 €	470,64 €	3.412,13 €
124	3241	ECIMAN CONTROL,LIMPEZA E DESINFECCION LEGIONELOSIS	2009.0.341.0.22700	493,98 €	79,04 €	573,02 €

Debe dicir:

Nº Factura	Nº Rexistro	Terceiro e concepto de factura	Aolicación orz.	Base	Ive	Total
317	2388	SOUTO CALVETE, JOSE PABLO 000372337C SLNE (MONTAJES ELECTRICOS PATON) INSTALACIÓN ELECTRICA PRAZA CONCELLO FERIA MEDIEVA	2009.0.342.0.22799	2.941,49 €	470,64 €	3.412,13 €
124	3241	ECIMAN CONTROL,LIMPEZA E DESINFECCION LEGIONELOSIS	2009.0.342.0.22700	493,98 €	79,04 €	573,02 €

5. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da proposta de aprobación de expediente de baixa por anulación de créditos núm. 1/2011

Seguidamente a Presidencia expón que ao non celebrarse Comisión Informativa previa á celebración deste Pleno se debe votar primeiro a inclusión deste asunto na orde do día. Non habendo debate a Presidencia somete a votación ordinaria a ratificación deste asunto na orde do día co resultado de que en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes acórdase a súa inclusión.

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 3 de maio de 2011, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- EXPEDIENTE DE BAIXA POR ANULACION DE CREDITOS 1/11

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de baixa por anulación de créditos nº 1/2011, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Dictaminar favorablemente o expediente nº 01/2011 de baixa por anulación de créditos por un importe global de 66360,74 €, conforme ó seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria cuxos créditos se minoran.....933/d5/62200
Subconcepto cuxas previsións se minoran.....76100(d5)

Fene, a 3 de maio de 2011
O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo.- Iván Puentes Rivera.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido di que había unha subvención para a instalación dun ascensor no pavillón de Magalofes á que se renunciou, renuncia que ven da lexislatura anterior, polo que hai que incluír este feito na contabilidade.

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 01/2011 de baixa por anulación de créditos por un importe global de 66360,74 € conforme ó seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria cuxos créditos se minoran.....933/d5/62200
Subconcepto cuxas previsións se minoran.....76100(d5)

6. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 4º trimestre de 2010 e 1º trimestre de 2011 sobre o incumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 26 de abril de 2011 correspondente ao 4º trimestre de 2010, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA

Asunto: Informe de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento das previsións establecidas na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relativo ó cuarto trimestre do ano 2010.

I. Normativa.

-Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

-Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, regulador do rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

II. Informe.

Primeiro.- O artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no seu apartado un, establece que se modifica o apartado 4 do artigo 200 da lei de contratos do sector público que pasa a ter a seguinte redacción:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.”

En relación a este prazo de trinta días, o artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, no seu apartado terceiro, indica o seguinte:

“(…)

Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

“Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.””.

E por outra banda o artigo quinto, nos seus apartados 1, 2, e 3 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, relativo ó rexistro de facturas nas Administracións Locais dispón que:

“Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones Locales.

1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

(...)”.

Segundo.- O artigo cuarto da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, establece nos seus apartados 3, 4 e 5 que:

“(...

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuída la tutela financiera de las Entidades Locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.”

E a maiores o apartado 4 do artigo quinto da lei 15/2010, do 5 de xullo, dispón que:

“(...

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día

de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.”

Polo tanto en cumprimento do anteriormente disposto, e en virtude das competencias atribuídas polos artigos 4, 5 e 6 do R.D.1174/1987, do 18 de setembro, esta Intervención e Tesourería proceden a informar o seguinte:

1.-O criterio empregado na elaboración deste informe foi o de ter en conta os datos relativos ás facturas que tiveron entrada no rexistro de facturas do programa municipal de contabilidade Ágora, dende o día 01-07-2010 ata o 31-12-2010, en tanto que a lei 15/2010, do 5 de xullo, que veu a establecer a obriga de emitir este tipo de informe, entrou en vigor a principios de xullo do ano 2010, e polo tanto nese intre comenzarían a aplicarse os criterios contidos na mesma.

2.- Polo tanto, de conformidade co indicado no párrafo anterior, segundo os datos que se desprenden da contabilidade municipal, e salvo erro ou omisión involuntaria, o número total de obrigas respecto ás que se incumpriu o prazo de pago dos 55 días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, foi de 904, e ascenden a unha contía global de 1.611.745,85.-euros.

No cálculo anterior tiveronse en conta todas as facturas rexistradas, existise ou non un previo contrato.

3.-Segundo a información suministrada pola contabilidade municipal (Rexistro de facturas do programa AGORA), e salvo erro ou omisión involuntaria, ó longo do terceiro trimestre do ano 2010, o número de facturas/documentos substitutivos respecto das que transcuriron mais de tres meses dende a súa anotación no Rexistro de facturas sen que se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas foi de 90 e ascenden a un total de 287832,09 €.

No cálculo anterior tiveronse en conta todas as facturas, existise ou non un previo contrato formalizado.

4.- Por último, de acordo coa normativa anteriormente exposta, lémbrese a obriga, recollida na lei 15/2010, do 5 de xullo, de remisión en todo caso do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, ós da Xunta de Galicia que teñan atribuída, con arranxo ó Estatuto de Autonomía, a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.

As presentes consideracións realízanse sen prexuízo do xa informado á Alcaldía por esta Intervención e Tesourería con data de 14/05/2010.

Este é o informe que emitimos, salvo erro ou omisión involuntaria na aplicación e/o interpretación da normativa aplicable, sen prexuízo de calqueira outro mellor fundado en Dereito

Fene, 26 de abril de 2011.

A Interventora,
Asdo.:Marta Roca Naveira.

A Tesoureira,
Asdo.:M^a Ángeles Vivero Fresco.

Lido e enterado do contido do presente informe:

O Alcalde,
Asdo.:Iván Puentes Rivera”

Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 2 de maio de 2011 correspondente ao 1º trimestre de 2011, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA

Asunto: Informe de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento das previsións establecidas na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relativo ó primeiro trimestre do ano 2011.

I.Normativa.

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, regulador do rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

II.Informe.

Primeiro.- O artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no seu apartado un, establece que se modifica o apartado 4 do artigo 200 da lei de contratos do sector público que pasa a ter a seguinte redacción:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.”

En relación a este prazo de trinta días, o artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, no seu apartado terceiro, indica o seguinte:

“(…)

Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

“Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se

refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.””.

E por outra banda o artigo quinto, nos seus apartados 1, 2, e 3 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, relativo ó rexistro de facturas nas Administracións Locais dispón que:

“Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones Locales.

1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

(...)”.

Segundo.- O artigo cuarto da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, establece nos seus apartados 3, 4 e 5 que:

“(...

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuída la tutela financiera de las Entidades Locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.”

E a maiores o apartado 4 do artigo quinto da lei 15/2010, do 5 de xullo, dispón que:

“(…)

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.”

Polo tanto en cumprimento do anteriormente disposto, e en virtude das competencias atribuídas polos artigos 4, 5 e 6 do R.D.1174/1987, do 18 de setembro, esta Intervención e Tesourería proceden a informar o seguinte:

1.-Con carácter previo, cómpre salientar que o criterio empregado na elaboración deste informe foi o de ter en conta os datos relativos ás facturas que tiveron entrada no rexistro de facturas do programa municipal de contabilidade Ágora, dende o día 01-01-2011 ata o 31-03-2011, é dicir, no primeiro trimestre natural do presente ano, en base a que:

-En primeiro termo a lei 15/2010, do 5 de xullo, contempla o trimestre como período para a elaboración do informe sobre o cumprimento dos obxectivos fixados na mesma.

-E en segundo termo, a necesidade de realizar as operacións de cálculo dun xeito manual (pois non se dispón de medios materiais para efectualas de xeito mecanizado) e o elevado volume de facturas a considerar, determinan a imposibilidade material de abarcar un período máis amplo, no entanto o anterior, e para dispoñer dun horizonte máis extenso de datos sobre as referidas facturas, tiveronse en conta tódolos trámites realizados con respecto ás mesmas (recoñecemento da obriga/aprobación da factura, e pago material) ata a data contable na que se extraeron os datos da aplicación (02/05/2011).

2.- Polo tanto, de conformidade co indicado no párrafo anterior, segundo os datos que se desprenden da contabilidade municipal, e salvo erro ou omisión involuntaria, o número total de obrigas respecto ás que se incumpriu o prazo de pago dos 50 días (prazo a aplicar entre o 01/01/2011 e o 31/12/2011) seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, foi de 627, e ascenden a unha contía global de 1.434.992,47.-euros.

No cálculo anterior tiveronse en conta todas as facturas rexistradas, existise ou non un previo contrato.

3.-Segundo a información suministrada pola contabilidade municipal (Rexistro de facturas do programa AGORA), e salvo erro ou omisión involuntaria, ó longo do terceiro trimestre do ano 2010, o número de facturas/documentos substitutivos respecto das que transcurriron mais de tres meses dende a súa anotación no Rexistro de facturas sen que se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas foi de 29 e ascenden a un total de 119726,75 €.

No cálculo anterior tiveronse en conta todas as facturas, existise ou non un previo contrato formalizado.

4.- Por último, de acordo coa normativa anteriormente exposta, lémbrese a obriga, recollida na lei 15/2010, do 5 de xullo, de remisión en todo caso do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, ós da Xunta de Galicia que teñan atribuída, con arranxo ó Estatuto de Autonomía, a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.

As presentes consideracións realízanse sen perxuízo do xa informado á Alcaldía por esta Intervención e Tesourería con data de 14/05/2010.

Este é o informe que emitimos, salvo erro ou omisión involuntaria na aplicación e/o interpretación da normativa aplicable, sen perxuízo de calqueira outro mellor fundado en Dereito.

Fene, 02 de maio de 2011.

A Interventora, A Tesoureira,
Asdo.:Marta Roca Naveira. Asdo.:M^a Ángeles Vivero Fresco.
Lido e enterado do contido do presente informe:
O Alcalde,
Asdo.:Iván Puentes Rivera.”

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 327/2011 de 27 de abril ata o número 540/2011 de 28 de xuño de 2011

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 327/2011 de 27 de abril ata o número 540/2011 de 28 de xuño de 2011, manifestando o sr. alcalde-presidente que estiveron a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello, e así consta no expediente.

2. Mocións

Non hai ningunha.

Antes de pasar a rogos e preguntas, pide o uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido di que coma aínda non se constituiron as Comisións Informativas, quere dar conta de algunhas actuacións que houbo que facer a efectos só informativos, que se trata de cuestións de economía das que xa foron informados os voceiros dos grupos municipais. Di que a apertura da caseta de turismo tivo lugar o un de xullo e estará funcionando ata o quince de setembro en horario de dez trinta a catorce horas e de dezeseis trinta a vinte horas de luns a sábados e os domingos abrirá as once da mañá, que esta caseta de turismo tamén servirá para anunciar calquera información que as Asociacións de Fene queiran anunciar tanto aos veciños coma aos turistas. Dá conta da participación do Concello mediante a instalación dun stand na feira FIMO que terá lugar entre as datas vinte a vinte e cinco de xullo e di que dentro da política de austeridade na que se atopa o Concello tratando de reducir ao máximo posible os gastos vaise compartir cos Concellos de Cabanas e Pontedeume, que iso non vai significar unha merma no servizo se non dará lugar a un aforro no gasto, que pasarán dos máis de mil euros que se pagaron o ano pasado a ter un custo este ano de tres centos setenta e un euros, ademais do aforro na contratación da azafata, que será unha para os tres Concellos. Informa dunha circular de Facenda que se achegou a nivel interno a todos os traballadores do Concello para gastos de máis de tres centos euros, co que se trata de facer unha contención do gasto, que o dito escrito tamén se remitiu a todos os provedores para que teñan constancia deste procedemento. Informa da reunión que se tivo coa asociación Costa Noroeste que integra a todos os Concellos da comarca, á que asistiu en calidade de representante do Concello, que Fene levará a tesourería da asociación e que a vindeira reunión será en Fene no próximo mes de agosto. Dá conta da publicación hoxe no

BOE dos créditos ICO que abren unha nova posibilidade de financiamento para o Concello que se estudarán polo miudo e se dará conta en vindeiras Comisións ou Plenos.

3. Rogos e preguntas

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista Iván Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que o PSOE lle vai conceder ao grupo de goberno un periodo de graza de cen días segundo o que xa fixera o Partido Popular no seu día co seu goberno agás algún asunto urxente que consideren que deba saír neste Pleno, polo que non van facer ningunha pregunta, que para iso as farán nas correspondentes Comisións Informativas. Di que queren rogar ao goberno municipal que se constitúa o máis axina posible o Consello Escolar para ter un órgano permanente no que se poida debater o que está a pasar cos colexios públicos en Fene, tanto o posible pecha dalgúns deles como a escola de Limodre coma a redución de profesorado nos Casais, no Ramo, en Centieiras ou a fusión ou eliminación de ciclos de formación profesional, que si a constitución presenta o problema do regulamento, o seu grupo se ofrece para elaborar o devandito regulamento para podelo aprobar canto antes. Tamén roga que se constitúa o máis axiña posible a mesa de contratación para que estea xa formada cando se teña que facer algún tipo de contratación de obras.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que toma nota dos rogos e respecto do Consello Escolar di que deben de convocar inmediatamente aquel, aínda que sexa informalmente debido á falla de regulamento.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido lle roga ao sr. alcalde que, aínda que respectan a dacción de contas do concelleiro de Facenda, inclúa as comparecencias na orde do día ou que se convoquen Comisións Informativas para dar conta dos asuntos, xa que deste xeito os distintos grupos políticos teñen a opción de intervir e participar. Respecto das resolucións da Alcaldía quere saber qué dispositivo se montou respecto da limpeza de praias, respecto do inicio da contratación do Plan de cooperación cos concellos para a contratación de persoas desempregadas di que non viron ningunha Resolución ao respecto polo que rogan que se teña en conta algún tipo de baremación social coma se ten feito neste Concello á hora de contratar desempregados ou desempregadas en base a un informe social, xa que o programa está especialmente dirixida a este colectivo. Pregunta polo grado de cumprimento que tiveron os acordos adoptados na primeira sesión extraordinaria do Pleno nesta lexislatura respecto ao problema educativo. Roga que se controlen as obras da EDAR en San Valentín, xa que recibiron queixas de veciños polos destrozos que fan nas zonas verdes e nas zonas húmidas posteriores á propiedade.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que a intervención do concelleiro se fixo polos motivos expostos, porque non houbo prazo para convocar as Comisións Informativas. Di respecto do grao de cumprimento da moción, segundo o informado a todos os grupos, se solicitou unha reunión urxente co conselleiro de Educación vía fax co que se remitiu tamén copia da moción, que posteriormente el mesmo chamou tres veces á delegada territorial de educación con resultado infructuoso e reiteraron ao gabinete do conselleiro de Educación esa solicitude de entrevista, que logo de ver a total falla de comunicación desta Alcaldía coa Consellería de Educación di que cree que sería urxente a convocatoria do Consello Escolar e facerlle chegar de novo esta preocupación á Consellería.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro de de Servicios e Medio Ambiente don José Andrés Serantes Panceiras, quen unha vez concedido, manifesta respecto da limpeza

de praias que todos os anos había unha subvención do setenta por cento destes traballos, que este ano o goberno anterior non a solicitou polo que agora esta tarefa a ten que asumir o Concello, que para aforrar gastos se contratou por ese trinta por cento que lle viña custando o servizo ao Concello e o servizo se está a levar a cabo dende o día un de xullo.

Seguidamente intervén o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal para responder respecto do Plan de cooperación, que di que se está traballando nesto dende a Secretaría. Respecto do tema da comparecencia di que foi algo que xa anticipara a todos os voceiros, que ía dar conta no Pleno, polo que non constitúe unha sorpresa.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do BNG, Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido di que quere intervir por unha cuestión de orde dicindo que as comparecencias deben ir na orde do día pois do contrario non dan opción a réplica.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido di, respecto das obras en San Valentín da EDAR, que onte estivo no lugar das obras co xefe accidental da Policía Local para cortar o tráfico coma medida de seguridade, xa que incluso existía a posibilidade de afundimento da calzada, que falou co responsable da obra para a correcta sinalización e que se axilizase esta actuación ao máximo posible para causar as menores molestias posibles aos veciños da zona e aos usuarios do supermercado.

De seguido pide o uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido di que quere falar sobre o tema dos colexios, e que se dixo que non houbera resposta da Consellería. Di que na zona de Ferrol hai colexios nos que se están pechando os pais e os profesores, polo que pensa que non hai que esperar a que na Consellería collan o teléfono e que se poden tomar medidas de presión entre todos xa que o tema é importante. Tamén quere dicir, respecto da convocatorias dos Plenos, que a Policía Local ten bastante traballo e que non están para levar convocatorias á casa, que saben que o notificador está de baixa médica pero suxire que, coma hoxe en día todos teñen correo electrónico, se lles convoque por este medio para evitar que teña que facer esta tarefa a policía.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro, Alejandro Dopico Rodríguez, que manifesta respecto das convocatorias que a notificación por correo electrónico sexa eficaz fai falla un proceso que deixe constancia da recepción, que xa o falou co secretario, que se está a mirar e que tan pronto se poida se vai facer.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 18:25 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e prace,
O alcalde-presidente

O secretario,

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García